

## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A CREAÇÃO DUNHA MESA DE TRABALLO PARA AFRONTAR O DESCENSO DEMOGRÁFICO

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O descenso demográfico que padece o noso País ten carácter estrutural e nos últimos anos viuse agravado polas políticas da Xunta de Galicia, que teñen provocado o afogamento do tecido industrial, unha moi notable emigración xuvenil, o deterioro dos servizos públicos (especialmente no rural) ou o desequilibrio territorial das comarcas atlánticas a respecto das do interior. O avellentamento da poboación e a falta de oportunidades laborais incrementa as dificultades para fixar poboación.

Se ben estas liñas xerais afectan ao conxunto do País, o caso de Cuntis presenta particularidades propias que fan que ese descenso sexa moito máis acusado que no noso entorno. A comezos do presente ano, Cuntis volve arrochar datos negativos: 33 habitantes menos que hai un ano, descendendo deste xeito ata os 4677. Se analizamos o conxunto da última década, Cuntis perdeu 438 habitantes, un 8,56%. Esa porcentaxe sitúase moi por riba do resto dos concellos da nosa contorna.

| Comarca de Caldas. Poboación 2010-2019 |       |      |           |        |
|--|-------|------|-----------|--------|
|  | 2010  | 2019 | variación |        |
| <b>Caldas</b>                          | 10045 | 9785 | -260      | -2,59% |
| <b>Catoira</b>                         | 3469  | 3335 | -134      | -3,86% |
| <b>Cuntis</b>                          | 5115  | 4677 | -438      | -8,56% |
| <b>Moraña</b>                          | 4434  | 4179 | -255      | -5,75% |
| <b>Pontecesures</b>                    | 3143  | 3052 | -91       | -2,90% |
| <b>Portas</b>                          | 3078  | 2940 | -138      | -4,48% |
| <b>Valga</b>                           | 6127  | 5869 | -258      | -4,21% |

fonte: INE

Estes datos demostran que as medidas implementadas nos últimos anos non foron capaces de conter o descenso demográfico que poderíamos considerar estrutural. As carencias particulares que presenta Cuntis están detrás duns datos que empeoran calquera media que se tome de referencia (comarcal, provincial, galega, etc.). As dificultades na fixación de posibilidades industriais, as carencias en materia de ordenamento urbanístico, a falta de prazas suficientes en escolas infantís públicas ou as carencias no desenvolvemento de sectores económicos son algunhas das razóns que explican que o noso municipio presente uns datos demográficos tan negativos.



Dende o noso punto de vista, a perda de poboación constitúe o problema máis grave de cantos debe afrontar a administración local non só a longo prazo, senón xa no inmediato. Ignoralo ou restarlle importancia supón unha irresponsabilidade política de primeira orde, polo que temos a certeza de que existe consenso absoluto nesta materia. Veciñanza presentou durante a lexislatura pasada (ano 2017) unha proposta que contiña algunhas liñas estratéxicas orientadas á fixación de poboación no noso municipio. Algunhas delas foron parcialmente incorporadas e outras totalmente desestimadas ata o momento.

En función desta análise, e coas incorporacións que se poidan colleitar no debate dunha cuestión de tanta gravidade e que precisa unha perspectiva longa, máis alá de intereses partidistas,

instamos ao Pleno da Corporación aos seguintes:

#### ACORDOS:

1. Solicitalle ao goberno municipal a creación dunha mesa de traballo de carácter técnico, político e cidadán, que aborde a cuestión demográfica para analizala e estudar medidas a adoptar tanto no curto como no medio prazo, composta por representantes dos colectivos sociais, culturais, empresariais e asociativos para o debate e deseño dun borrador de plan estratéxico.

Cuntis, 17 de xaneiro de 2020

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López